

NORMA E INVESTIGACIÓN SOBRE A TRADUCIÓN XURADA

Ana Buján Fra

Vigo

bujanfra@mundo-r.com

[Recibido: 23/10/08; aceptado: 14/11/08]

Resumo

A persoa que realiza traducións xuradas adoita vivir nunha situación de descoñecemento relativo, mais permanente, da definición do seu traballo, da súa posición nos procesos nos que participa e da dimensión visual ou táctil dos seus produtos. Con todo, e aproveitando a súa posición, esta persoa pódese converter en axente de observación e de investigación dos procesos da tradución xurada. Ten daquela a posibilidade de reflexionar sobre as estruturas paratextuais que lle confiren visibilidade plástica aos produtos da tradución xurada, así como sobre a necesidade de adecuar esas estruturas aos usos e teorías contemporáneos. Neste artigo, á parte de analizar a situación antes descrita, explicaremos as razóns polas que cómpre normalizar os formatos da tradución xurada e crear un marco de referencia para a súa práctica que, ademais de garantirlle visibilidade e lexitimidade social ao corpo da tradución xurada, permitirá reverter esa lexitimidade sobre calquera outra modalidade profesional da tradución.

Palabras clave: tradución xurada, norma, formato

Abstract

Sworn translators usually live in a situation of relative, yet permanent, ignorance regarding the definition of their work, their position in the processes in which they take part and the visual and tactil dimensions of their products. Nevertheless, translators can take advantage of their position and become active observers and researchers of the processes of sworn translation. They have, therefore, the possibility of reflecting on both the paratextual structures that endow the products of sworn translation with plastic visibility and on the need of adapting these structures to contemporary usage and theories. In this paper, besides analysing this situation, we will explain the reasons to normalize the formats of sworn translation and to create a frame of reference for its practice.

This frame of reference will guarantee visibility and social legitimacy to sworn translation and will also permit to transfer this legitimacy to any other kind of professional translation.

Keywords: sworn translation, norm, format

Cada persoa pode sentir unha preferencia especial por unha determinada marca de automóbil pero todas estarían de acordo á hora de definir o que é un motor. Pola súa banda, unha actividade tan cotiá como a tradución, e en concreto, a modalidade de tradución xurada, non goza dun consenso social canto á súa función nin á súa forma.

Nas seguintes liñas exporei como, ademais de xerar un produto, o tradutor se converte nun investigador improvisado dunha situación de permanente carencia. Por outra banda xustificarei a necesidade de traballar o discurso paratextual e de adecualo aos usos e teorías contemporáneos. Finalmente abordarei a necesidade de vertebrar as prácticas da tradución xurada e crear un marco normativo que beneficiará necesariamente os profesionais, garantíndolles unha lexitimidade social e laboral que debería reverter tamén nos demais ámbitos da tradución.

Capacidade investigadora do tradutor xurado

Malia ser un dos ámbitos de tradución que contan cunha das historias máis documentadas desde o **século XVI na península ibérica e o XV no continente americano** (Peñarroja Fa, 2000), cun rexistro da Oficina de Interpretación de Linguas consistente en textos traducidos, designacións de tradutores e todo tipo de documentación comercial e diplomática, os profesionais de hoxe en día carecen dunha normalización formal do seu labor e dunhas pautas de acción e desenvolvemento do seu traballo que os consoliden como corpo profesional fronte ás institucións e ao público en xeral demandante dos seus servizos.

Moitas voces refírense ao proceso da tradución xurada como un procedemento asentado nunhas bases sólidas que se aplica de xeito mecánico e que non ofrece abondos aspectos interesantes para a investigación. Nada máis lonxe da realidade. Tomando en consideración a experiencia e memoria individual e colectiva dos profesionais, pódese demostrar que a falta de cohesión das visións particulares fai que cada tradutor xurado tome unha serie de decisións nas que constantemente se traspasan os límites das poucas regras que circulan entre os profesionais do sector. Movidos pola necesidade de resolver situacións particulares, os tradutores desenvolven respostas e crean un universo de microsistemas sen poñer en común a súa experiencia individual. Cantos máis anos de experiencia adquire o tradutor, máis risco corre de **impermeabilizarse?** fronte ás propostas e tendencias alleas e menos capacidade autocrítica desenvolverá no seu traballo, levando reiteradamente á practica estratexias que non sempre son as máis recomendables para o produto final.

O 23 de febreiro de 1996 publicouse unha Orde do Ministerio de Asuntos Exteriores no *Boletín Oficial do Estado* pola que se ditaban as normas sobre os exames para o nomeamento dos tradutores xurados. A orde incluía no seu anexo I unha fórmula de certificación. Con todo, os esforzos normalizadores deste organismo non foron moito máis aló.

Conscientes desta carencia, e non poucas veces perplexos diante da impasibilidade que neste sentido adopta o máximo órgano competente na materia que é o Ministerio de Asuntos Exteriores, a través da Oficina de Interpretación de Linguas, os profesionais da tradución trataron de introducir propostas de normalización que callasen en todo o colectivo. Duro Moreno (1997, p. 32) presenta cronoloxicamente as seguintes:

- 1) As Normas Transitorias da Asociación Profesional Española de Tradutores e Intérpretes (APETI) compiladas polo vicepresidente Francisco Aviñó nun opúsculo de limitada circulación en 1992, no que se tentaba poñer en claro os principios da tradución xurada e súas as bases de traballo.
- 2) As suxestións do profesional da tradución xurada Duro Moreno (1997).
- 3) Os modelos da APETI publicados por primeira vez en 1995.
- 4) A publicación de San Ginés Aguilar e Ortega Arjonilla (1997).

O maior impacto que tivo a publicación de San Ginés Aguilar e Ortega Arjonilla, ata o momento a máis completa, débese ao desenvolvemento duns estudos superiores dedicados á área de Tradución e Interpretación, co seu correspondente circuíto de produción e publicación de investigacións.

O seu éxito explícase tamén polo feito de propoñer modelos de documentos orixinais e traducidos directamente explotables por parte do persoal docente. Claro está que a vertente práctica do manual contribuíu a considerar a tradución xurada como un proceso mecánico, composto de correccións e incorreccións e de solucións verdadeiras e falsas, agachando a diversidade de estratexias de escolla común a todo proceso de tradución. Con todo, estas consideracións non desmerecen a audacia do proxecto que, cando menos, permitiu e permite alimentar un debate sobre as orientacións metodolóxicas da tradución xurada.

Neste sentido o corpo de profesionais non adoita manexar certezas nin asume protocolos claros. Semella que, fóra das recomendacións que anuncia o BOE do 23 de febreiro de 1996¹, o resto das actitudes na composición, no discurso e na entrega das traducións xuradas se fan recorrendo a receitas e transmitindo e intercambiando solucións dentro do propio circuíto profesional, tal e como as primeiras observacións desta hipótese puxeron de relevo.

¹ Neste documento establécese como debe ser o selo e os datos que debe conter, mais non instrúe sobre o seu uso. Por outra banda, suxire a posibilidade, e non a obriga, de certificar “la fidelidad y exactitud de sus actuaciones” cunha fórmula asinada e selada polo tradutor.

Este estado de indefinición contribúe a illar os profesionais, que reflexionan sobre as súas condicións de traballo, dos especialistas que desenvolven estudos académicos, creándose un clima de desconfianza entre quen practica a tradución e quen a teoriza. Estas dúas esferas conviven aínda malamente: a dos investigadores que operan segundo metodoloxías de investigación e toda a xente que, inmersa nunha experiencia real, publica ou presenta mediante relatorios en congresos o vivido na súa práctica profesional. Gile resume este sentir xeneralizado (2005, p. 262), que dá en chamar “problema sociolóxico” da tradución. Na súa opinión este problema pode reducirse a medida que medre entre os profesionais o número de persoas formadas na universidade.

Coido, no entanto, que as ocupacións relacionadas por un lado coa investigación e por outro coa profesión marcan fronteiras difíciles de traspasar: mentres que os profesionais carecen das ferramentas e do discurso teórico e analítico preciso, aos teóricos do ámbito de coñecemento da Tradución e Interpretación resúltalles imposible coñecer a variabilidade que só se pode entrever cunha práctica inscrita no tempo. É dicir, que por careceren, na maioría dos casos, da condición de tradutor xurado, non adoitan acceder a un campo de estudo tan complexo e sobre todo tan “diverso” como o da tradución xurada.

Abranguer a diversidade das prácticas reais convértese logo nun problema en investigación, polo que os especialistas tenden a desbotar aqueles casos de estudo que se afastan de parámetros previamente escollidos, como poden ser a tipoloxía ou o xénero textual ou a combinatoria lingüística. Dito doutro xeito, tenden a modelizar as condutas e os comportamentos sociais e económicos relacionados coa tradución, na busca de regras universais, ou cando menos de hipóteses baseadas na recorrencia de certos fenómenos observados baixo certas condicións.

Os profesionais, que non adoitan obedecer as leis das metodoloxías científicas, dispoñen dunha posición privilexiada: están inmersos nun procedemento ou proceso complexo que vai máis aló do tempo de recepción/entrega da encomenda e, ademais, os documentos que traducen son todos portadores de fragmentos de vida sempre diferentes dunha tradución a outra. Porén, eles non están “autorizados” a formular teorías, e por iso semellan aceptar e asumir o feito de os teóricos seren os únicos lexitimados para deseñar modelos teóricos. Ao asumiren esta incapacidade, propíciase o abandono do seu rol de crítica e de transformación da realidade.

Mais isto non debe ser impedimento para renunciar a describir e investigar os procesos da tradución xurada desde a súa diversidade e condicións reais, e para fomentar entre os investigadores uns hábitos e uns reflexos propios dos profesionais.

Por esta razón, alén das teorías da práctica, é obvio que un uso máis social da teoría pode contribuír eficazmente a desfacer os malentendidos entre o circuíto académico e os profesionais desa especialidade. Sería logo preciso que a actividade investigadora da tradución xurada acollese e se servise das mesmas

estruturas e metalinguaxe dos practicantes. Os resultados, se cadra, poden parecer ás veces insatisfactorios desde a perspectiva da cohesión teórica, mais serán accesibles para un maior número de xente, que dese xeito disporía da posibilidade de comezar a describir e a expresarse sobre o seu oficio².

A maneira máis eficaz de concibir a diversidade e a complexidade das operacións da tradución xurada é a través dunha observación e participación activa e prolongada nos procesos reais. En todo caso, as achegas desde a tipoloxía textual, desde o equilibrio dos organismos ou desde as correspondencias dos marcos institucionais son insuficientes para lograr reconstruír a rede de actores, para comprender as motivacións exactas dos encargos e para deseñar a traxectoria do texto traducido.

Discurso paratextual e tradución xurada

Hoxe en día bátese con todo tipo de definicións de tradución xurada, desde as páxinas das axencias que tentan presentarlle o produto ao cliente, pasando polas páxinas de asociacións, de tradutores profesionais e por disertacións sintetizadas sobre o tema nas que se tentan despexar as dúbidas básicas de calquera neófito ou demandante de traducións xuradas. Neste sentido exprésase Duro Moreno (1997, p. 32):

Definir el término traducción jurada no es difícil, pero hay diversas formas de hacerlo: refiriendo lo que en él hay de desconocido a lo que hay de conocido fuera de él, atendiendo a sus componentes separadamente, precisando el concepto que designa, especificando la carga de propiedad que porta, contrastando su sentido con los posibles opuestos, etc.

As definicións da tradución xurada parecen estar logo claras. Mais pola contra, como expresei no encabezamento deste artigo, non resulta doado identificar un produto de tradución xurada. As razóns hainas que buscar no estreito vínculo que historicamente cinguiu a tradución xurada ao dereito. Semella isto deberse a que a actividade foi sempre regulada pola Secretaría de Interpretación de Linguas, un organismo creado en 1527, baixo o reinado de Carlos V (Cáceres Würsig, 2004a), para a tradución de documentos estatais que na súa maioría eran de carácter xurídico. Este sistema de normas e de funcionamento transfírese ao Novo Mundo case de xeito simultáneo co fin de regular estreitamente as prácticas e os servizos dos tradutores, para logo volver a España en forma de orientacións ben definidas destinadas a regular unha actividade completamente desmembrada, pero que nunca chegarían a callar.

Esta vinculación resulta tamén evidente se observamos o sistema paratextual da tradución xurada. Certo é que os elementos que cito a seguir non son utilizados por todos os tradutores, pero si por unha maioría significativa.

² Considero que é o caso dunha ferramenta como Delisle, Lee-Jahnke e Cormier, 1999.

Primeiramente o **encabezamento** que numera a tradución xurada dentro da produción de cada tradutor, directamente herdado dos usos dos avogados e dos notarios, e que non sempre resulta práctico adoptar, xa que os tradutores xurados adoitan empregar outros sistemas de rexistro máis adaptados á súa profesión.

Logo o propio estampado do **selo** e da **sinatura**. Non poucas veces se lle esixe ao tradutor que estampe o seu selo de maneira que se imprima en todas as páxinas á vez (práctica moi corrente en consulados e notarías), ou na marxe esquerda (modelo moi recorrente en todo tipo de escrituras) ou que sobre o selo se aplique a rúbrica (práctica tamén moi recorrente entre os profesionais do dereito).

A tradución xurada conserva actualmente unha característica case única entre as modalidades da tradución profesional: o tradutor xurado é quen dimensiona directamente o produto que vai recibir a persoa encargante. Este fenómeno débese á persistencia do papel como soporte legal. O papel, con esas follas que se lle entregan ao cliente sen dobrar, confírelle ao produto traducido unha dimensión tridimensional, unha materialidade palpable. Ten ese carácter do táctil que marca igualmente a interacción e o contacto coa clientela. A este respecto o papel timbrado aparece como unha escolla de non pouca polémica, aínda que vén sendo empregado por moitos tradutores. Trátase dun soporte arcaico que vén reforzar a idea de lexitimidade e de autenticidade do documento, e con esta impresión relaciónanse calidades de sagrado e de unicidade. O encargante imaxina daquela que posúe non só un texto orixinal ou traducido, senón un anaco auténtico de historia que, polo tanto, se lle aparece como relato irreversible dos feitos tal e como aconteceron.

Para rematar, a **certificación** final, cuxo contido e estilo moi pouco ten evolucionado desde as primeiras que se coñecen. Véxase:

Exemplo de certificación da época de Samaniego, arredor do ano 1773. (Cáceres Würsig, 2004a, p. 8):

Certifico yo Don Felipe de Samaniego, Caballero de la Orden de Santiago, del Consejo de su Magestad, y de la Interpretación de Lenguas que esta traducción está bien, y fielmente hecha en francés del exemplar castellano que me fue remitido para este efecto, de orden del Consejo, por Don Antonio Martinez de Salazar su escribano de Camara y Gobierno. Madrid, y Setiembre veinte y seis del mil setecientos setenta y quatro.

Certificación oficial proposta no BOE do 23 de febreiro de 1996:

Don/doña (nombre y apellidos), Intérprete Jurado de (idioma), certifica que la que antecede es traducción fiel y completa al (lengua de destino) de un documento redactado en (lengua de origen) En (lugar), a (fecha). (Certificación proposta no anexo I da Orde do 8 de febreiro de 1996).

Cómpre sinalar tamén o gran paralelismo que existe entre o formato de elaboración de calquera tipo de documento legal e o dunha tradución xurada. Os profesionais do dereito adoitan dispoñer de grellas dos diferentes formatos de documentos (actas de constitución, testamentos, citacións, etc.) de uso común e que só teñen que completar cos datos específicos de cada caso. Algo moi semellante acontece coas traducións xuradas –claramente estruturadas en encabezamento, tradución, notas e certificación– con propostas como a de Duro Moreno (1997, p. 52-60) ou, no caso do continente americano, o protocolo que establece o Ministerio de Relacións Exteriores do Perú³.

A isto engádese ademais que unha das principais correntes de tradución xurada emane do contacto coa Administración, e que esta opere nun contexto marcadamente xurídico. Se cadra por esta razón, para evitar confusións, é frecuente tanto en internet como nos manuais e disertacións sobre a tradución xurada, atopar definicións recorrentes da tradución xurada como modalidade que é necesario contrapoñer ás prácticas do sector da tradución xurídica.

Na miña opinión, este marco histórico e ideolóxico, máis ou menos solapado pero sen carácter de oficialidade, estableceu un paralelismo co mundo das leis e ancorou a práctica profesional nun estado arcaico revestido de lexitimidade que non acaba de evolucionar. O problema segue sendo que os profesionais se aferran a unhas orientacións metodolóxicas –na súa maioría obsoletas– que non lles permiten considerar o tema? desde outras perspectivas. Ao mesmo tempo a tradutoloxía non se dá apropiado da tradución xurada como campo de experimento, para logo validar unha experiencia de observación que obedeza a unha metodoloxía de campo eficaz e estrita.

A partir desta lectura da situación sinalo que falta unha imaxe corporativa que identifique a tradución xurada e que xa non consista nunha mímese estilística e estética dos documentos xurídicos. Non se pode negar que a sociedade de hoxe en día vive completamente exposta ás mensaxes visuais. Os conceptos que rexen na vida moderna teñen así mesmo a súa realización en imaxes: a beleza, o benestar económico, a alimentación, o ocio etc. Todo o que o consumidor desexa ou se lle fai desexar posúe unha identidade visual perfectamente recoñecible e inequívoca, que camiña cos tempos e que evoluciona e se perfecciona cada vez máis. Este non é, con todo, o caso da tradución xurada, malia que forneza un produto social primordial para o correcto funcionamento de moitos ámbitos da vida económica e administrativa e que xere anualmente unha considerable cifra de negocios. Este ámbito profesional atópase tan carente de cohesión e sometido a permanentes tensións individualizadoras que non é capaz de evolucionar, nin moito menos de adaptarse aos novos sistemas de representación e de comunicación. Cómpre pois proceder á súa desconstrución conceptual e formal para que a través dunha fonda reflexión sobre os con-

³ Este ministerio aprobou o *Manual de procedimientos del Reglamento de Traductores Públicos Juramentados* a través da Resolución Ministerial nº 0497/RE do 30 de xuño de 2004.

ceptos e as necesidades actuais xurda unha especialidade asentada en novos alicerces. Como explica Yuste Frías (2005, p. 60-61):

Desconstruir es no dejar de interrogarse sobre el porqué de todo texto, sus límites, sus márgenes, abrirlo a otras posibles significaciones diferentes a las sedimentadas por la tradición. Desconstruir es dar vida a los textos, iniciarlos en un nuevo juego que vuelva a abrir nuevas perspectivas en lo que hasta entonces era puro pensamiento fijo y fosilizado.

Como desconstruír, daquela, a ideoloxía da grella, aquela segundo a cal chega con traducir/sedimentar por riba dunha estrutura de táboas na que cada elemento verbal debe ocupar o seu lugar no espazo, de xeito que “só se traducen” aquelas palabras situadas dentro de determinadas coordenadas.

Desconstruírémola tendo en conta que os elementos do soporte son percibidos de maneira diferente, e os elementos visuais presentes en moitos dos textos para seren traducidos e xurados, en vez de ordenarse segundo unha orde preestablecida, poden relacionarse mediante liñas oblicuas que sinalan as relacións que manteñen entre si.

A teoría da tradución, tradicionalmente vinculada ao mundo da edición, tardou en atender a dimensión visual de todo produto traducido. Isto debeuse en parte a que a lingua escrita fose o código máis valorado e que a escritura fose a forma que defínise o cidadán dunha sociedade, mentres que a aprendizaxe dos códigos visuais estaba reservada a grupos máis ou menos cerrados de axentes culturais. Mais a experiencia visual non concirne unicamente ás imaxes senón tamén os soportes e a organización no espazo do que Kress e Van Leeuwen (1996) chaman *participantes* da imaxe, é dicir calquera dos elementos percibidos como unidades visuais sobre determinado soporte. Así, un parágrafo vólvese un elemento visual debido a que interactúa necesariamente en calidade de imaxe con outros elementos visuais. No caso da tradución xurada outro tipo de participantes han ser as listaxes, as táboas, as sinaturas manuscritas, as impresións de selos, os logotipos etc., do cales os volumes se relacionan ou fusionan sobre un mesmo espazo, e que interactúan participando nun acto comunicativo.

Claro está que nun texto xurídico, como pode ser un testamento, a estrutura visual será ríxida e ofrecerá imaxes da realidade relacionadas coa motivación das institucións que producen esas imaxes. Malia isto, sempre será posible aplicar unha mirada dinámica dos seus elementos visuais, pois o texto xurado en si é multimodal (escrito *con* algo *sobre* algo) e aparecerá inevitablemente como un soporte mendado, coma un tecido táctil e visualmente complexo.

Cara a unha norma da representación formal e imaxe corporativa da tradución xurada

Como vimos anteriormente, existe un desencontro entre a teoría da tradución e da interpretación e a práctica profesional da tradución xurada. Quen

quixera estudar a efectividade da tradución xurada, que depende da súa capacidade para xestionar e reproducir a lexitimidade e a autenticidade, debe recorrer a categorías de pensamento alleas a esta modalidade e tiradas principalmente do tema de estudo das traducións dos textos sagrados. Como propuxen anteriormente, cómpre reducir ese desencontro coa sintonización da linguaxe e do discurso práctico/teórico.

Polo tanto, haberá que revisar a metalinguaxe que aplicamos á tradución xurada. Non só a do discurso externo sobre tradución xurada, mais principalmente a metalinguaxe vehiculada polo paratexto que a acompaña⁴. Unhas realizacións paratextuais son por exemplo as notas aclaratorias, cuxa obrigatoriedade ou superfluidez se converteu nun tema de debate recorrente nos foros especializados. Porén, en moitos casos, o elemento máis visible do paratexto consiste na reprodución da fórmula de certificación suxerida polo Ministerio de Asuntos Exteriores, que fai referencia ao requisito ou xuramento de *fidelidade*. Ironicamente poucos termos foron tan desposuídos de sentido como o de fidelidade, pois tradicionalmente a ese concepto-catavento fóronlle asignados significados diferentes en función das estratexias que se querían xustificar ou das normas da época correspondente. Así e todo, ese arcaísmo sobrevive na linguaxe popular e mesmo en fórmulas de publicidade de moitas actividades ou produtos de tradución. Daquela, compróbase a falta de comunicación entre teoría e práctica profesional, pois aínda reducido a simple elemento de discurso, a fidelidade – polo menos como termo– non deixa de ser unha anomalía totalmente superada polas actuais teorías sobre tradución e interpretación. Compréndese dese xeito a importancia de desenvolver un estudo lingüístico e estilístico do paratexto da tradución xurada, de reestruturalo e de elaborar novos elementos.

Cómpre desenvolver ademais unhas orientacións e un protocolo razoados, e promover unha aprendizaxe no sistema educativo superior que sensibilice ao estudiantado no seu rol dinámico de toma de decisións, evitando que prevalezan as estratexias baseadas no modelo de equivalencia.

O sector profesional precisa que os clientes poidan identificar con claridade unha tradución xurada, que a valoren como produto de marketing e que aprecien a súa función administrativa e social. Cómpre logo crear unha etiqueta de produto específica para a tradución xurada que xere expectativas no consumidor. Resulta difícil facerlle chegar información a unha poboación consumidora de traducións que, polo xeral, descoñece a profesión, ten unha idea da tradución bastante sinxela, baseada no coñecemento de linguas, na consulta de dicionarios e nunha transferencia palabra por palabra. Cando o público solicita unha tradución xurada, está a demandar un produto do que só coñece o nome: os profesionais terán pois que explorar outras vías que lles permitan perfeccionar os seus servizos.

⁴ No tocante ás posibilidades de investigación e de aplicación tradutiva dos elementos paratextuais remito ao concepto de *paratradución* proposto polo grupo de investigación Tradución & Paratradución: <<http://webs.uvigo.es/paratraduccion>>.

Como dixen anteriormente, o mercado da tradución xurada ten aproveitado ese status que lle confire a súa mímese co mundo do dereito para que os seus profesionais acadasen unha consideración social e unha lexitimidade da que non gozan outras modalidades. O mimetismo co dereito, por outra parte e como quedou exposto no apartado anterior, contribuíu a estancar indefinidamente a práctica e a teoría da tradución xurada. Por esta razón é preciso construír unha identidade visual da tradución xurada sobre bases tradutolóxicas, revisar o tratamento das imaxes, e en xeral dos elementos participantes na experiencia visual e táctil do texto xurado. As condicións de reprodución, copia e intervención no texto xurado dependen de tecnoloxías que permiten aplicar tratamentos novidosos e por suposto máis efectivos, non só desde o punto de vista da calidade da representación da tradución, senón tamén desde o punto de vista do marketing e do valor de mercado do produto xurado⁵. Resulta daquela fundamental elaborar un “para-soporte” que contribúa eficazmente á aceptabilidade do texto traducido, que se identifique con claridade e que resulte perfectamente recoñecible para o receptor final. Este para-soporte contribuirá a consolidar unha práctica común, a promover con maior eficacia a tradución xurada, que deixará de ser para o destinatario un documento máis da vida administrativa e adquirirá a súa propia dimensión verbo-icónica.

Propoño, polo tanto, que se desenvolva unha reflexión sistemática sobre a tradución xurada desde a tradutoloxía para tentar chegar a unha fórmula verbo-icónica consensuada pola maioría dos profesionais, ao tempo que se revise de xeito exhaustivo a súa linguaxe e metalinguaxe para estreitar vínculos entre a investigación e a práctica. Dispoñer dunha norma da representación formal da tradución xurada semella a única maneira eficaz de concentrar as prácticas arredor de cuestións comúns e avanzar na reflexión crítica e na mellora do marco normativo, mediante os mecanismos de revisión correspondentes. En definitiva: poñer en común verdadeiras opcións de transformación. Por outra parte, na difusión das normas entre o público e os axentes profesionais poden intervir as institucións que regulan o acceso á profesión, ou pódese aproveitar a orientación metodolóxica que prestan as asociacións profesionais ou os traballos universitarios aplicados.

Dese xeito, mellorar a percepción social da tradución xurada pasará por garantir a identificación dos produtos, incluír a súa nova imaxe na formación do persoal administrativo e informar adecuadamente o público nos propios espazos administrativos. Adoptar unha imaxe corporativa da tradución xurada significará, finalmente, lograr unha maior lexitimación do oficio da tradución, e non só da tradución xurada.

⁵ A este respecto, se o emprego do concepto-catavento de *fidelidade* chegase a subsistir, probablemente se empregaría ao servizo dunha norma favorecedora da calidade do recoñecemento e da reprodución visuais.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BAYLEY, C. J. 1973. *Manual del traductor público*. Bos Aires, 1973.
- CÁCERES WÜRSIG, I. 2004a. “Breve historia de la secretaría de interpretación de lenguas”. En *Meta*. Vol. 49, núm. 3. Consultada na edición dixital <http://www.erudit.org/revue/meta/2004/v49/n3/009381ar.htm> [15/09/2008].
- CÁCERES WÜRSIG, I. 2004b. *Historia de la traducción en la administración y en las relaciones internacionales en España (s.XVI-XIX)*. Monografía para *Hermeneus*, 6, 2004.
- CÁCERES WÜRSIG, I. e PÉREZ GONZÁLEZ, L. 2003. “Antecedentes históricos y proyección futura de la figura del intérprete jurado en España”, *Hermeneus*, 5, 2003, p. 19-42.
- CRUZ ROMÃO, T. L. 2000. “La traduction jurée au Brésil”. En VALLAT, C. (org.) *La Traduction Juridique : Histoire, théorie(s) et pratique*. Actes. Xenebra/Berna: ASTTI & ETI, 2000, p. 643-654.
- DELISLE, J. e WOODSWORTH, J. 1995. *Les traducteurs dans l'histoire*. Ottawa: Presses de l'Université d'Ottawa, 1995.
- DELISLE, J.; LEE-JAHNKE, H. e CORMIER, M. C. (coords.) 1999. *Terminologie de la traduction / Translation Terminology / Terminología de la Traducción / Terminologie der Übersetzung*. Amsterdam e Filadelfia: John Benjamins Publishing Company, 1999.
- DURO MORENO, M. (s. d.) *La traducción jurada: propuesta de normalización estilística (francés-español, español-francés)*, publicado no apartado Biblioteca virtual de traducción jurídica, Castellón: GITRAD [documento PDF en rede] <http://www.gitrad.uji.es/common/articles/Duro9.pdf> (consulta do 16/07/2008).
- GILE, D. 2005. *La traduction. La comprendre, l'apprendre*. París: PUF, 2005.
- KRESS, G. e VAN LEEUWEN, T. 1996. *Reading Images. The Grammar of Visual Design*. Londres: Routledge, 1996.
- PEÑARROJA FA, J. 2000. “Historia de los intérpretes jurados en España”. En SABIO PINILLA, J. A., RUIZ, J. e de MANUEL JEREZ, J. (eds.) *Conferencias del curso académico 1999-2000: volumen conmemorativo del XX Aniversario de los Estudios de Traducción e Interpretación de la Universidad de Granada*. Granada: Comares, 2000, p. 161-178.
- SAN GINÉS AGUILAR, P. e ORTEGA ARJONILLA, E. 1997. *Introducción a la traducción jurídica y jurada (francés-español)*. Granada: Editorial Comares, 1997.
- YUSTE FRÍAS, J. 2005. “Desconstrucción, traducción y paratraducción en la era digital”. En YUSTE FRÍAS, J. e ÁLVAREZ LUGRÍS, A. (eds.) *Estudios sobre la traducción: teoría, didáctica, profesión*. Colección Traducción & Paratraducción. Vol. 1. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2005, p. 59-82. Capítulo dispoñible en rede: <<http://webs.uvigo.es/paratraduccion/paratraduccion/YUSTEFRIASJOSEparatraduccion.pdf>>.

